

## A saúde como negocio

Pablo Vaamonde García

Médico de familia. SAP Labañou (A Coruña)

Cad Aten Primaria  
Ano 2011  
Volume 18  
Páx. 157-158

O sistema sanitario é un elemento clave do estado do benestar. En España, ademais, os servizos sanitarios son moi eficientes: a porcentaxe do PIB dedicada á saúde é das máis baixas da contorna mentres que os indicadores sanitarios son dos mellores do mundo. Sitúase tamén como un sector importante da economía, xerador de emprego e de tecnoloxía. Pero hai unha estratexia global, impulsada por potentes grupos empresariais, que tenta desviar cara ó sector privado aquelas parcelas da sanidade que teñen capacidade de producir ganancias. Hai unha intensa presión para abrir a porta e que a banca e as construtoras poidan facer negocio co diñeiro público.

Os gobernantes teñen a obriga de protexer o sistema público. Pero en Madrid e Valencia, onde goberna o PP desde hai anos, hai unha crecente tendencia á introdución dos intereses privados na sanidade. Os espazos de negocio estanse a xerar, de maneira principal, na construción dos novos hospitais a través dun sistema de concesión (PFI: Iniciativas de Financiamento Privado). A empresa concesionaria constrúe o hospital que despois xestiona durante 20 anos, e a administración deberá pagar un canon polo alugueiro das instalacións e polos servizos de mantemento.

Trátase dun negocio seguro: unha vez construído o hospital, a compañía privada ten garantido un fluxo de ingresos procedentes do sector público durante dúas décadas. Este sistema comezou a utilizarse no Reino Unido, en tempos de John Major. A economista Sally Ruane asegura que a PFI resulta máis cara que os modelos convencionais e, ademais, distorsiona as prioridades de planificación xa que subordina as necesidades sanitarias aos intereses do capital privado. Afirmar rotunda: "Este modelo está deixando nas arcas públicas inglesas débedas millonarias. Está calculado que a construción de cada hospital pola vía PFI custa tres veces máis que polo modelo tradicional. Os hospitais saen máis caros, as condicións de traballo empeoraron terriblemente, reducíronse os postos de traballo, hai menos servizos para a poboación...Coa privatización, baixa a calidade asistencial".

No mes de maio estivo na Coruña o pediatra madrileño Marciano Sánchez Bayle, un home admirable que leva anos traballando pola

sanidade pública. Os novos hospitais de Madrid están xestionados polo sistema de PFI. As súas conclusións tamén son contundentes: os centros sanitarios construídos deste xeito son máis caros, reducen camas e servizos e empeoran a calidade do emprego. Neste negocio só gañan as empresas adxudicatarias; o sector público, os traballadores e os usuarios saen perdedores. Entende Marciano que "a xestión pública da sanidade garante que a atención sexa un dereito, pois a presenza do mercado e dos intereses privados fomenta que pase a considerarse mercancía". Pero hai quen busca precisamente iso: poñer o negocio por diante do dereito á saúde das persoas.

A experiencia indica que este sistema produce incremento do gasto e deterioro da calidade asistencial. Pero, ademais, a administración pública fica como refén das empresas adxudicatarias. Se non conseguen o beneficio agardado, as arcas públicas serán de novo saqueadas. Así aconteceu en Madrid. As empresas que xestionan os sete novos hospitais, que Esperanza Aguirre inaugurou na lexislatura, reclámanlle 80 millóns de euros máis e o incremento do canon anual en outros 9,2 millóns. Advirten que, do contrario, producirase un "colapso" no funcionamento dos hospitais. A chantaxe é clara. Pretenden, outravolta, desviar diñeiro público para garantir o beneficio privado.

### O novo hospital de Vigo

Vemos que construír os novos hospitais polo sistema PFI é máis caro e deteriora a calidade asistencial. Así o demostran as experiencias do Reino Unido, Madrid e Valencia. Pero Núñez Feijoo parou o proxecto do goberno de progreso, que tiña iniciado o procedemento para a construción dun grande hospital en Vigo, referencia para toda a área Sur, con financiamento e xestión públicos e a un custo moi inferior. Dous anos despois, o novo proxecto, de financiamento e xestión privada, foi adxudicado a unha UTE (Unión Temporal de Empresas) constituída por Acciona, Puentes y Calzadas, Altair, Concessia e Ocaso (Obras, Caminos y Asfaltos).

#### Correspondencia

Pablo Vaamonde García

Email: Pablo.Vaamonde.García@sergas.es

O Sergas queda comprometido a pagarlles ás empresas adxudicatarias preto de 72 millóns de euros ao ano durante vinte anos. Ademais estas obterán beneficios pola xestión dos aparcadoiros e outras explotacións comerciais, que o actual goberno lle cedeu tamén á dita UTE. Así aparece reflectido nun excelente informe elaborado pola AGDSP (Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública), que conclúe: "O cambio de proxecto incrementa o custo en máis de 1.000 millóns de euros". Unha parte importante dos orzamentos sanitarios pasará, deste xeito, a mans privadas, sen que os cidadáns obteñan beneficio ningún. Pola contra, é previsible un empeoramento da asistencia e da situación laboral dos traballadores.

A selección da adxudicación realizouna a consultora privada PriceWaterhouseCoopers (PwC), compañía que parece estar inmersa, segundo a AGDSP, "en todo tipo de procesos por delitos fiscais e por actuar con negligencia en estafas e falsificación de contas de empresas nas que actuaba a dita consultora". Ademais, por se fora pouco, en

PwC traballa a filla da xerente do Sergas. Con todos estes precedentes non é posible que PwC poida actuar como garante da legalidade e da ausencia de conflitos de interese.

Os propietarios e xestores do novo hospital son un grupo de empresarios e banqueiros con múltiples intereses en xogo e "as empresas construtoras seleccionadas parecen ter intereses cruzados co Partido Popular e están acusadas de prácticas concursais prohibidas". Así pois, non importa poñer en risco a sanidade galega, nin despilfarrar o diñeiro público (coa crise como escusa para usar este sistema) nin deixar hipotecado o sistema sanitario; nin sequera tentan gardar as aparencias. Este goberno semella que só procura favorecer os negocios de grupos afíns. Poñen, de novo, o público ao servizo do privado.

(Ver o informe da AGDSP en: [http://misaludnoesunnegocio.net/media/blogs/multimedia/propietarios\\_hospital\\_vigo.pdf](http://misaludnoesunnegocio.net/media/blogs/multimedia/propietarios_hospital_vigo.pdf))